

SEMINARIO DE PAISAXE



O CARÁCTER DA PAISAXE: O CAMIÑO INGLÉS, A VILA E O VIÑEDO DAS MARIÑAS DE BETANZOS


Antigo Matadoiro de Betanzos, do 1 ao 4 de setembro de 2021

CONCLUSIÓNS DO SEMINARIO

ORGANIZA



PATROCINA



COLABORA



CONCLUSIÓNS DO SEMINARIO

SEMINARIO INTERNACIONAL DE PAISAXE
O CARÁCTER DA PAISAXE: O CAMIÑO INGLÉS, A VILA E O VIÑEDO DAS MARIÑAS DE BETANZOS

DATAS: **1, 2, 3, 4 DE SETEMBRO DE 2021**

LUGAR DE REALIZACIÓN: **ANTIGO MATADOIRO DE BETANZOS (A CORUÑA)**

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. OBXECTO DO SEMINARIO
3. DESENVOLVEMENTO DAS XORNADAS
4. RELATORÍAS E MESAS REDONDAS
5. VISITAS DE CAMPO
6. PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS
7. CONCLUSIÓN
8. ENTREGA DE DIPLOMAS

1. INTRODUCCIÓN

A Escola Galega da Paisaxe da Fundación Juana de Vega levou a cabo o seminario internacional da paisaxe co título **O carácter da paisaxe: o Camiño Inglés, a vila e o viñado das Mariñas de Betanzos**, durante os días 1, 2, 3 e 4 de setembro de 2021. Este evento só foi posíbel grazas ao patrocinio da Axencia de Turismo de Galicia, no marco do programa *O teu Xacobeo* —destinado ao apoio a proxectos de dinamización do Xacobeo 2021-2022— e contou coa inestimábel colaboración do Concello de Betanzos.

Desde a aprobación no ano 2000 do Convenio Europeo da Paisaxe, estendeuse a vontade de **identificar e cualificar todas as paisaxes presentes no noso territorio**. Nese exercicio, cobra unha peculiar relevancia detectar que fai diferente unha paisaxe da outra, é dicir, chegar a **determinar de que maneira unha paisaxe en particular pode ser considerada singular**. Isto é o que denominamos **o carácter da paisaxe**.

Figura 1. Vista desde o Camiño Inglés, cos viñedos en primeiro termo e a vila ao fondo.



En verdade, existe unha dilatada experiencia nesta dirección, desde o clásico *genius loci*, e pasando pola tradición xeográfica de comezos do século XX, na que, para cada paisaxe, se tentaban describir os seus trazos definitorios limitados a un ámbito territorial cuns estremeiros ben marcados. Como sempre que falamos de paisaxe, non podemos entender o seu carácter como algo unicamente obxectivo. Deste xeito, hai que abranguer a dimensión perceptiva, valorativa e estética que privilexia os discursos, as narrativas e as representacións. Esta dimensión materializouse ás veces en **proxectos de ordenación paisaxística**, no sentido dado polo Convenio Europeo da Paisaxe: accións prospectivas de **mellora, restauración e creación de paisaxes**.

Propúxose un seminario-obradoiro que formulase un debate ao redor do carácter da paisaxe como concepto teórico chave nos estudos paisaxísticos, sen renunciar a un traballo práctico proactivo centrado na contorna de Betanzos e cuns argumentos específicos: o Camiño Inglés, o viñado e o patrimonio da vila no seu emprazamento, sendo este un laboratorio territorial de enorme interese; por exemplo, polas narrativas xeradas no pasado por persoeiros históricos, que se poden considerar ben arraigadas.

En efecto, **As Mariñas de Betanzos xa foran gabadas hai décadas como verxel vizoso**, nas coñecidas palabras do escritor Antonio de la Iglesia recollidas na *Geografía de Galicia* de Antonio Fraguas (1953). Este último autor non dubidou en afirmar que «as xentes estiman [as de Betanzos] como as verdadeiras terras das Mariñas». A súa descrición por Otero Pedrayo —na primeira edición da súa emblemática *Guía de Galicia*, de 1926— como unha paisaxe de esteiro cuberta de xunqueiras, cunha luz particular, rodeada de abas, viñado e lúpulo —cultivo singular que florece en outono— e artellada pola cidade no seu castro, sintetizou de forma expresiva o seu carácter hai anos. Entre outras cousas, no seminario-obradoiro debateuse sobre se estas palabras seguen a ser valedoiras hoxe en día.



Figura 2. Debate entre carballos durante o seminario de paisaxe, Castro de Xanrozo.

A reflexión sobre o carácter da paisaxe das Mariñas de Betanzos afastouse dunha foto fixa, incorporando argumentos renovados, entre eles a relevancia que está a acadar o discurso xacobeo en Galiza desde a súa (re)invención a inicios da década de 1990. En efecto, o **Camiño Inglés cruza a comarca e está a resignificar poderosamente o espazo que percorre, tamén o das vilas e núcleos, polo cal se lle prestou unha atención especial.**

Asemade, os novos argumentos de revaloración da paisaxe inclúen a emerxencia das redes agroalimentarias alternativas como mecanismos asociados ás leiras en cultivo, que atopan na súa paisaxe un recurso central para fundamentaren a calidade dos produtos que se obteñen delas. En particular, **o viñado é un elemento xa entendido como identitario no pasado**, de aí que prestásemos atención ás reconfiguracións en marcha na comarca: novas adegas, novas plantacións, desenvolvemento da IXP, etc. Porén, non se esqueceron outras producións tamén características da zona que están a apostar polos circuitos curtos, a agricultura ecolóxica, etc., grazas entre outros ao traballo do Plan alimentario local da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Tamén se incorporou todo o novo discurso patrimonial que se está a reflectir en miradas integrais que van alén do mero tratamento externo de edificios puntuais, abrangendo conxuntos coherentes de elementos xulgados con valor nos que se desenvolven proxectos unitarios. Neste proceso, xogou un papel especial a **revalorización do núcleo castreal de Betanzos**, cunha morfoloxía particular, unha muralla conservada, xardíns de distinto tipo con proxectos singulares con identidade e reivindicados pola cidadanía, etc.

Así, acadouse un discurso coherente sobre a paisaxe do ámbito estudado, ao redor do seu carácter identitario. Pretendeuse, deste xeito, contribuír a un desenvolvemento sustentábel da comarca que, por definición, abraza, ao mesmo tempo, aspectos ambientais, económicos e sociais.



Figura 3. Traballo en grupo no Matadoiro Antigo de Betanzos.

2. OBXECTIVOS DO SEMINARIO

Os obxectivos marcados para o seminario foron os seguintes:



1. Posibilitar unha reflexión teórica sobre o concepto de carácter da paisaxe.
2. Ofrecer unha revisión de experiencias en materia de carácter da paisaxe, en particular en termos de delimitación de unidades da paisaxe.
3. Valorar de que xeito o carácter da paisaxe pode contribuír ao desenvolvemento sustentábel do territorio.
4. Determinar de que xeito inflúe no carácter da paisaxe a existencia de elementos lineais, areais e puntuais de carácter discreto, tales como un itinerario (o Camiño de Santiago), un cultivo particular (o viñado, por exemplo) ou un edificio singular (o Matadoiro Antigo, por exemplo).
5. Desenvolver un estudo aplicado do carácter da paisaxe a unha determinada escala intermedia, sen renunciar a outras escalas de traballo e de proxecto.
6. Xerar coñecemento sobre a paisaxe do Camiño Inglés ao seu paso polas Mariñas betanceiras.
7. Estimar como o carácter dunha paisaxe varía ao longo do tempo e, en particular, como se incorporan novos argumentos.
8. Contribuír á posta en valor do Camiño Inglés ao seu paso polas Mariñas de Betanzos, no seo dunha lectura coherente do carácter da paisaxe da zona.

Figura 4. Árbores de ribeira no Camiño Inglés, preto de Limiñón.

3. DESENVOLVEMENTO DAS XORNADAS

O **formato do seminario** foi unha combinación de **intervencións dos expertos** nas distintas materias e **visitas de campo** nas que os/as participantes puideron observar sobre o terreo as cuestións tratadas e tomar contacto co territorio. Debateron máis tarde entre eles/elas e cos/coas expertos/as e os veciños/as, para ao final faceren propostas.

A **actividade** combinou a participación de **profesores/as e investigadores/as no ámbito da paisaxe** e os seus valores patrimoniais de nivel nacional e internacional, coa participación de axentes que traballan nos tres eidos: **Camiño Inglés, vila de Betanzos e Viño da Terra de Betanzos**, así como xestores/as e dinamizadores/as do territorio.

O **formato das conferencias** combinou presentacións con soporte audiovisual, sesións de debate enfrontando distintas perspectivas sobre o mesmo asunto, **mesas redondas e obradoiros**, nos que se contou coa participación proactiva do alumnado.



Figura 5. Inauguración do seminario de paisaxe no Matadoiro Antigo de Betanzos.

O seminario estivo **coordinado polo Dr. Valerià Paül**, xeógrafo experto en paisaxe. Constou de catro xornadas intensivas que transcorreron segundo o seguinte programa:

Mércores, 1 de setembro

9:30 Entrega de documentación

10:00 Inauguración

10:30 Conferencia inaugural

El paisaje y el patrimonio: una relación ambigua

Rafael Mata (Universidad Autónoma de Madrid)

11:30 Pausa-café

12:00 Conferencia

15 años de metodología de trabajo con el paisaje: Catalunya, 2006-2021

Jordi Grau (Observatori del Paisatge).

13:00 Conferencia

A singularización das unidades paisaxísticas: as paisaxes teñen límites?

Valerià Paül (Universidade de Santiago de Compostela)

14:00 Xantar. Catering con produtos amparados na marca da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e terras do Mandeo

15:30 Mesa-redonda sobre a IXP de viños da Terra de Betanzos e os produtos da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

- Diego López, técnico de turismo da Reserva de Biosfera
- Lolo Mosteiro, presidente da Asociación de ecoturismo da Reserva de Biosfera
- Luis Sande, Adegas Pagos de Brigante
- Ricardo Rivas Barros, Xefe da Área de Calidade Alimentaria da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL)

16:30 Traballo de campo en viñedos, en particular nos novos baceiros. Cata nunha adega

21:00 Hora prevista de finalización

Xoves, 2 de setembro

- 9:00 Conferencia**
La patrimonialización de los paisajes de viñedos
Marta Martínez Arnaiz (Universidad de Burgos)
- 10:00 Conferencia**
Paisajes agroforestales de viñedo en mosaico sometidos a urbanización: el caso del Penedès
Soazig Darnay, paisaxista e presidenta do CEPVI (Centre d'Estudis del Paisatge Vitivinícola)
- 11:00 Pausa-café**
- 11:30 Conferencia**
A historia do territorio e da paisaxe da Terra de Nendos
José Carlos Sánchez Pardo (Universidade de Santiago de Compostela)
- 12:30 Conferencia**
Os bancais, unha metamorfose necesaria
José Manuel Vázquez Mosquera (Mosquera Calatayud Arquitectos)
- 13:00 Comezo do obradoiro:** formulación xeral e explicación do método
- 14:00 Xantar** nun Restaurante da Reserva de Biosfera
- 15:30 Mesa-redonda** sobre o patrimonio en Betanzos. Coa participación de representantes de asociacións e axentes locais.
- María Barral, alcaldesa de Betanzos
 - Xosé Ramón Novoa, presidente da Asociación de Amigos do Parque do Pasatempo
 - Juan María Otero, director das revistas R&R e RESTAURO
 - Representante da Asociación de Amigos do Casco Histórico (por confirmar)
- 16:30 Traballo de campo** de percorrido urbano e do patrimonio da vila e da súa contorna (coa colaboración do Concello de Betanzos)
- 21:00 Hora de finalización**

Venres, 3 de setembro

- 9:30 Conferencia**
A (re)inversión da paisaxe dos Camiños de Santiago
Lucrezia Lopez (Universidade de Santiago de Compostela)
- 10:30 Conferencia**
A paisaxe urbana das vilas galegas vencelladas aos camiños
María José Piñeira (Universidade de Santiago de Compostela)
- 11:30 Pausa-café**
- 12:00 Primeira sesión do obradoiro: análise**
- 14:00 Xantar** (pícnico) e **traballo de campo** de percorrido do Camiño Inglés. Análise sobre o terreo
- 17:30 Síntese da análise no obradoiro**
- 19:30 Mesa-redonda** sobre o Camiño Inglés na Terra de Betanzos, con debate sobre as propostas relativas a este camiño en particular. Coa participación de entidades e persoas que traballan no desenvolvemento e posta en valor do Camiño Inglés.
- Xosé Regueira, Vicepresidente da Deputación da Coruña
 - Lanzada Calatayud, experta en turismo e no Camiño Inglés
 - Cristina García, xerente da Asociación de concellos do Camiño Inglés
 - Alfredo Eiras Martínez, Historiador director do Museo das Mariñas, do Arquivo e da Biblioteca do concello de Betanzos
- 21:00 Hora de finalización**

Sábado, 4 de setembro

- 9:30 Retoma da análise e debate sobre a diagnose**
- 11:30 Pausa-café**
- 12:00 Debate preliminar de propostas**
- 13:30 Síntese das propostas** e traballo de comunicación da diagnose
- 14:30 Xantar** nun restaurante da Reserva de Biosfera
- 16:00 Peche do seminario**, coa presentación do traballo realizado
- 17:00 Hora de finalización**

4. RELATORÍAS E MESAS REDONDAS

O contido das relatorías permitiu ao alumnado acadar un coñecemento das distintas materias obxecto do seminario, da man de expertos/as nos distintos eidos no ámbito nacional e internacional. A continuación recóllese unha escolma das intervencións dos/as distintos/as relatores/as, estruturada mediante os puntos principais tratados.

4.1 Resumo das intervencións: relatorías

4.1.1 *El paisaje y el patrimonio: una relación ambigua*

Relator: Rafael Mata (Universidad Autónoma de Madrid)

- Teoría da paisaxe e do patrimonio.
- O Plan Nacional de Paisaxes Culturais de 2012.
- A ampliación do concepto orixinal de paisaxe e patrimonio e as súas implicacións.
- A importancia do Convenio Europeo da Paisaxe de 2000.
- O caso de varias hortas mediterráneas: València, Murcia, etc.
- As paisaxes cotiás e os instrumentos indicativos (non vinculantes) en materia de paisaxe. O carácter da paisaxe nestes instrumentos.
- O caso do Parque Agrario de Fuenlabrada.
- O caso do Campo de Criptana.
- O caso de Menorca.

4.1.2 *15 años de metodología de trabajo con el paisaje: Catalunya, 2006-2021*

Relator: Jordi Grau (Observatori del Paisatge)

- Marco institucional e normativa do traballo do Observatori del Paisatge.
- Os catálogos da paisaxe cataláns. Estrutura e relevancia da participación cidadá na súa elaboración.
- O mapa das unidades de paisaxe de Catalunya. O carácter da paisaxe nas unidades de paisaxe.
- Os valores da paisaxe en Catalunya. Tipoloxía de valores: naturais, estéticos, históricos, sociais, simbólicos, produtivos, etc.
- Diagnóstico e propostas en materia da paisaxe en Catalunya.



Figuras 6 e 7. Relatorías no Matadoiro Antigo de Betanzos.

4.1.3 A singularización das unidades paisaxísticas: as paisaxes teñen límites?

Relator: Valerià Paül (Universidade de Santiago de Compostela)

- Casos de paisaxes vitivinícolas no mundo e a súa difícil delimitación precisa: Alella, Penedès, Swan Valley, Alto Douro, Ribeira Sacra e Saint-Émilion.
- O concepto de carácter da paisaxe e a súa asociación coa noción de unidade paisaxística. Experiencias inglesa, catalá, galega, francesa, toscana e española. A cuestión da diversidade paisaxística nun territorio dado.
- Bases conceptuais destas experiencias. Revisitando Sauer e Vidal —e unha incursión á ciencia da paisaxe—.
- Un caso final en profundidade: a Ribeira Sacra.



4.1.4 La patrimonialización de los paisajes de viñedos

Relatora: Marta Martínez Arnaiz (Universidad de Burgos)

- O vencello dos viños co territorio e coa paisaxe. A patrimonialización das paisaxes vitivinícolas.
- O Patrimonio Mundial da UNESCO. A cuestión do valor universal excepcional. Sistemática das críticas á listaxe.
- A consideración das paisaxes vitivinícolas como Patrimonio Mundial: paisaxes *de* videiras Patrimonio Mundial e paisaxes *con* videiras Patrimonio Mundial.
- Análise comparativa das paisaxes vitivinícolas declaradas Patrimonio Mundial: Saint-Émilion, Alto Douro, Ilha do Pico, Lavaux, etc.
- As paisaxes vitivinícolas españolas e a súa patrimonialización desigual. Os procesos frustrados de Patrimonio Mundial: Ribeira Sacra, La Rioja, La Geria, Priorat, «el vino en Iberia». O caso de Ribera del Duero.

4.1.5 Paisajes agroforestales de viñedo en mosaico sometidos a urbanización: el caso del Penedès

Relatora: Soazig Darnay, paisaxista e presidenta do CEPVI (Centre d'Estudis del Paisatge Vitivinícola)

- O patrimonio e a paisaxe vitivinícolas como unha creación contemporánea. Unha perspectiva desde Francia —Bourgogne, Centre Pompidou e Saint-Émilion/Bordeaux como claves—. Unha imposíbel transferencia ao sur do Pireneo?
- O sector (económico) vitivinícola do Penedès creou a paisaxe. A resistencia sustentada durante décadas á presión urbano-industrial de Barcelona.
- A competencia entre as denominacións de orixe polo mesmo territorio.
- O rol d@ viticultor/a: un/ha xardineir@ da paisaxe, con prezos da uva moi baixos?
- As novas adegas no Penedès: unha reflexión crítica.

4.1.6 A historia do territorio e da paisaxe da Terra de Nendos

Relator: José Carlos Sánchez Pardo (Universidade de Santiago de Compostela)

- A arqueoloxía da paisaxe.
- A consideración das paisaxes culturais desde a historia e a arqueoloxía. Métodos e fontes.
- A Terra de Nendos ao longo da historia.
- O mundo prerromano.
- A organización en castros.
- O impacto da romanización.
- O tránsito entre a época romana e o mundo medieval.
- A alta idade media. As parroquias.

4.1.7 Os bancais, unha metamorfose necesaria

Relator: José Manuel Vázquez Mosquera (Mosquera Calatayud Arquitectos)

- As paisaxes rurais.
- Os bancais como construción paisaxística.
- A escala dos bancais.
- A perda dos bancais.
- Proxectos de recuperación dos bancais na contorna de Betanzos. Asociación dos proxectos ás novas adegas e ao cambio paisaxístico.

4.1.8 A (re)invención da paisaxe dos Camiños de Santiago

Relatora: Lucrezia Lopez (Universidade de Santiago de Compostela)

- O Camiño de Santiago como realidade histórica medieval. As *inventiones* históricas.
- A reinvención co Xacobeo 93. As chaves do éxito.
- O papel fundamental da literatura e do cinema na resignificación dos camiños en planos múltiples.
- O Camiño Francés e a multiplicación dos camiños.
- O debate peregrinacións/turismo. O Camiño no «mercado» español e nos «mercados» internacionais.
- O actual debate sobre a saturación do(s) destino(s): a cidade de Compostela e o Camiño Francés.

4.1.9 A paisaxe urbana das vilas galegas vencelladas aos camiños

Relatora: María José Piñeira (Universidade de Santiago de Compostela)

- A paisaxe urbana. Introducción ao seu estudo. A *Guía de estudos da paisaxe urbana* coordinada por González Rodríguez (2019). A secuencia de planificación: análise, diagnose e medidas/recomendacións.
- As vilas galegas. O debate sobre o concepto de *vila* na xeografía urbana galega: un chanzo necesario, mais controvertido, no sistema urbano do país. As vilas galegas vencelladas aos Camiños. Betanzos como exemplo.

4.2 Resumo das intervencións: mesas redondas

4.2.1 Mesa-redonda sobre a IXP de viños da Terra de Betanzos e os produtos da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

Participantes:

- Diego López, técnico de turismo da Reserva de Biosfera.
- Lolo Mosteiro, presidente da Asociación de ecoturismo da Reserva de Biosfera.
- Luis Sande, Adegas Pagos de Brigante.
- Ricardo Rivas Barros, Xefe da Área de Calidade Alimentaria da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL).



Figura 8. Mesa redonda sobre a IXP de viños da Terra de Betanzos e os produtos da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Principais contidos tratados:

- A implicación da Reserva da Biosfera das Mariñas nas cuestións alimentarias no seo do debate sobre os roles habituais das Reservas da Biosfera: un papel agardábel? A marca de calidade da Reserva. Debate sobre as administracións competentes nesta materia.
- Os produtos agroalimentarios de calidade.
- Km0 e agricultura de proximidade. As hortalizas e os produtos frescos. A relevancia do mercado urbano coruñés para este tipo de produtos orixinados na comarca betanceira.
- A agricultura ecolóxica.
- Novas agriculturas na comarca betanceira. Vello e novos cultivos: lúpulo, té, cebola, mazá/zume, etc. Reconversión e/ou abandono da agricultura tradicional. Os límites da agricultura produtivista tradicional. O impacto da plantación forestal xeneralizada.
- A transformación da materia prima agraria. A artesanía agroalimentaria.
- O uso (eco)turístico dos produtos agroalimentarios de calidade. Complementariedade actual, potencial e futura entre turismo e agricultura. A reconversión do sector turístico comarcal; posibilidades a través dunha nova agricultura.
- O valor gastronómico dos produtos agroalimentarios de calidade. A nova gastronomía local que aposta polo km0. Distintas experiencias na vila de Betanzos.
- Os viños da Terra de Betanzos: pasado, presente e futuro. Debate sobre distintos escenarios.
- Vellas e novas adegas e a (re)cualificación dos viños da Terra de Betanzos.
- A aposta paisaxística dalgunhas novas adegas: a conversión de plantacións de eucaliptos en videiras e a reconstrución dos bancais. O uso do transporte fluvial para o transporte da uva en época da vendima: realidade actual e posibilidades futuras.
- Os produtos de calidade agroalimentaria recoñecida pola Xunta: o rol da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL). Explicación das certificacións IXP e DOP. O seu rol na comarca betanceira. Debate sobre o valor engadido das certificacións oficiais.
- A IXP Viño da Terra de Betanzos. Actores implicados. As súas dimensións produtivas: cativa, mais con posibilidades de expansión?

4.2.2 *Mesa-redonda sobre o patrimonio en Betanzos. Coa participación de representantes de asociacións e axentes locais.*

Participantes:

- María Barral, alcaldesa de Betanzos.
- Xosé Ramón Novoa, presidente da Asociación de Amigos do Parque do Pasatempo.
- Juan María Otero, director das revistas R&R e RESTAURO.
- Juan Manuel Gómez, representante da Asociación de Amigos do Casco Histórico.



Figura 9. Mesa-redonda sobre o patrimonio en Betanzos.

Principais contidos tratados:

- O rol do Concello de Betanzos na rehabilitación urbana da zona histórica. Un proceso sostido ao longo das lexislaturas democráticas. A colaboración entre administracións públicas no seu desenvolvemento. A cooperación, ás veces difícil, co sector privado. Consecucións e limitacións. Posturas críticas sobre este proceso por parte da veciñanza: argumentos e contra-argumentos.
- O patrimonio histórico de Betanzos. Presentación da súa diversidade, tanto no eido tanxíbel como intanxíbel, e abranguendo distintas etapas históricas e estilos artísticos... e a relevancia do popular e da tradición (a música, as festas, etc.). Debate sobre a súa activación: limitada e insuficiente? Valorización patrimonial ao servizo de quen?
- O carácter paisaxístico do patrimonio na zona histórica: alén do carácter monumental.
- A singularidade do Parque do Pasatempo: historia da súa construción e da súa destrución. Presentación de imaxes históricas. A súa difícil reconstrución: as testemuñas e a calidade dos materiais. As actuacións, ou falta delas, das distintas administracións. A declaración do BIC. O Plan Director en elaboración. Posturas críticas sobre este proceso por parte de distintos colectivos, nomeadamente da Asociación de Amigos do Parque do Pasatempo.

4.2.3 Mesa-redonda sobre o Camiño Inglés na Terra de Betanzos, con debate sobre as propostas relativas a este camiño en particular. Coa participación de entidades e persoas que traballan no desenvolvemento e posta en valor do Camiño Inglés.

Participantes:

- Antonio Leira Piñeiro, presidente da Mesa dos Camiños Inglés e Fisterra-Muxía.
- Lanzada Calatayud, experta en turismo e no Camiño Inglés.
- Alfredo Eiras Martínez, Historiador director do Museo das Mariñas, do Arquivo e da Biblioteca do concello de Betanzos.



Figura 10. Mesa-redonda sobre o Camiño Inglés na Terra de Betanzos.

Principais contidos tratados:

- A definición do Camiño Inglés: historia e reconfiguración recente. Unha vía entre terrestre e marítima. O rol dos portos de Betanzos, A Coruña e Ferrol. A opción histórica, e a posibilidade futura, da conexión desde o Camiño do Norte.
- Problemas no trazado en «treitos críticos» (por exemplo, Mesón do Vento e saída da cidade da Coruña).
- O patrimonio vencellado ao Camiño Inglés: alén do patrimonio histórico-artístico tradicional.
- O rol das administracións na (re)activación do Camiño Inglés: Concellos, Deputación da Coruña e Xunta. Papeis e responsabilidades.
- A expansión peregrino-turística recente no Camiño Inglés, consecuencia da saturación doutros camiños ou desenvolvemento endógeno? Capacidade de carga e comparación co Camiño Francés.
- A oferta hoteleira e de albergues de peregrin@s.
- A medio prazo, sería posíbel pasar do *undertourism* actual (vencellado á vivencia dunhas paisaxes en soidade) ao *overtourism* (saturación)? Debate en relación con esta pregunta.
- A internacionalización do Camiño Inglés: un perfil diferencial? Realidades e posibilidades futuras.
- O proceso de obtención da concesión da compostela no Camiño Inglés (por debaixo do limiar quilométrico fixado pola Igrexa) en 2016.
- O Camiño Inglés na vila de Betanzos e na cidade da Coruña.
- Debate sobre os problemas detectados no Camiño Inglés durante o traballo de campo, nomeadamente de tipo paisaxístico, tanto no trazado concreto como na súa contorna e na súa bacía visual.

5. VISITAS DE CAMPO

Durante as xornadas do seminario realizáronse tres visitas de campo, coincidentes coas tres liñas temáticas que centraron as reflexións (os viñedos, a vila de Betanzos e o Camiño Inglés). O seu obxectivo principal consistía en acadar un coñecemento do territorio que permitise formular unha diagnose e propostas dentro das temáticas analizadas.





Figura 11. Observación da paisaxe durante a terceira das visitas de campo.

5.1 Traballo de campo en viñedos: visita aos baceiros da Veiga e á adega Casa Beade



A visita comezou no Matadoiro Antigo de Betanzos. Tomando a beira do río Mandeo, cruzamos a ponte peonil para continuar o percorrido pola marxe dereita do río até saírmos do núcleo urbano. No momento no que deixamos atrás a zona urbanizada, comezamos a facer varias paradas no camiño para analizar e debater sobre o carácter da paisaxe en cada treito. A tal efecto, e co recurso de varias cartografías que levabamos impresas, tentamos identificar tanto os elementos que singularizan a paisaxe como, moi importante para o curso, os límites das distintas unidades da paisaxe que o traballo de campo permitiu identificar sobre o terreo. Un debate particular tivo lugar ao redor do límite urbano-rural nesa contorna, mais tamén sobre a distinción entre aqueles sectores máis dominados por elementos forestais (nomeadamente plantacións) ou agrarios, dunha banda, ou por procesos naturais (o río/a ría) ou humanos, da outra.

Finalmente, acadamos os viñedos da adega Casa Beade. Neles, un representante da adega explicou o proceso de recuperación do sitio, ao tempo que o grupo ascendeu polos característicos socalcos que conforman a paisaxe vitivinícola deste lugar tan especial. Valoramos este recuncho singular e tentamos pensar as opcións que se poderían abrir se procesos así se xeneralizasen. Tras a visita aos baceiros, refixemos o camiño de volta ao Antigo Matadoiro, cunha parada na que se formaron dous grupos para visitar a adega e entender o proceso produtivo que orixina a paisaxe observada antes. A visita rematou cunha cata dos viños de Betanzos a cargo da adega.

Figura 12. Visita aos baceiros de Casa Beade.



Figura 13. Cata a cargo da adega Casa Beade no Matadoiro Antigo de Betanzos.



Figura 14. Traballo de campo de primeira identificación de unidades da paisaxe durante a visita aos bacelos.

5.2 Traballo de campo de percorrido urbano e do patrimonio da vila e da súa contorna

A visita polo núcleo histórico de Betanzos foi organizada pola oficina de turismo do Concello. Levouna a cabo Begoña Fernández Armesto, guía oficial da Xunta, que recolleu o grupo no Matadoiro Antigo de Betanzos, acompañándoo durante todo o percorrido polos ámbitos máis emblemáticos que caracterizan a vila: a muralla e as portas da cidade, as casas tradicionais betanceiras, as Igrexas de San Francisco e Santa María do Azogue, a Casa do Concello, a Casa Nuñez (edificio modernista que aloxa o CIEC/Centro de Estampa Contemporáneo), etc. Convén destacar a detallada visita interior a Santa María do Azogue, onde se atopa o único calendario agrícola esculpido de Galiza.



Figura 15. Porco bravo, símbolo dos Andrade, na igrexa de San Francisco de Betanzos.

A ruta foi atravesando as numerosas rúas e prazas características da cidade vella, mais foi alén dunha lectura histórico-monumental previsíbel. Deste xeito, puxemos en valor outros elementos como a relación coa contorna rural, por exemplo, recoñecendo os hórreos, individuais ou en conxunto, aínda existentes na trama urbana; ou ben explicando a localización tradicional dos furanchos de viño. Asemade, a través da estatua dos irmáns García Naveira, puidemos valorar a súa contribución ao desenvolvemento da cidade en xeral e, en particular, ao Pasatempo. Non puidemos achegarnos a ese parque polo estado no que se atopa, mais evocamos o valor que ten na identidade betanceira. Tamén nos referimos á paisaxe intanxíbel vencellada ás festas ou á música, por exemplo, no palco da música ou en relación cos Caneiros. Así, conectamos o escenario urbano da explanada co lanzamento do Globo de Betanzos na festa de San Roque. En definitiva, gañamos unha lectura profunda, máis rica e plural, da zona histórica de Betanzos que vai alén dos elementos monumentais habitualmente identificados.



Figura 16. Traballo de campo na Praza da Constitución.



Figuras 17 e 18. Traballo de campo pola zona vella de Betanzos. Arriba, Praza dos Irmáns García Naveira, fronte á fonte Diana Cazadora; abaixo, Convento das Agustinas Recoletas.



5.3 Traballo de campo de percorrido do Camiño Inglés e análise sobre o terreo

A terceira visita consistiu nun percorrido de preto de 10 km polo Camiño Inglés que se desenvolveu ao longo de 5 horas, incluíndo unha parada para xantar tipo pícnic na ribeira da ría. Contouse cun autobús que recolleu ao grupo no Matadoiro Antigo de Betanzos para trasladalo ao punto de partida, 5 km antes da chegada do Camiño á vila. Este sentido do percorrido permitiu aproximarse progresivamente á vila do mesmo xeito que o fai un/ha peregrino/a desde Ferrol e analizarmos as primeiras panorámicas da paisaxe, podendo debater sobre o terreo o seu carácter por unidades que iamos despregando.




Figura 19. Comezo do percorrido polo Camiño Inglés.




Figura 20. Reflexións sobre o estado dos elementos patrimoniais no Camiño Inglés

En concreto, percorremos desde o milladoiro 68,54 km até o 58,41 km. Comezamos nun lugar rodeado de eucaliptos, no que se poden ver, tamén, piñeiros e castiñeiros, o que nos levou a falar do proceso de cambio na paisaxe rural acontecido na maior parte da Galiza occidental. Ao cabo duns poucos centos de metros, puidemos contemplar desde un punto alto, con vocación de miradoiro, as marismas da ría e, deste xeito, debater tendo unha perspectiva ampla sobre o límite entre ría e río, entre litoral e interior, de xeito que se puidesen establecer posíbeis unidades paisaxísticas. O debate sobre o terreo foi acalorado e desenvolvéronse distintas ópticas: algunhas por coherencia (paisaxes asociadas baixo unha lóxica, por exemplo, a bacía visual), outras por homoxeneidade (paisaxes diferenciadas en función da súa identidade) e mesmo debatendo acerca dos factores sociais (a percepción, a toponimia, etc.) na súa definición. Tamén falamos en termos de paisaxes lineais (perfís).

O roteiro proseguíu nun descenso sostido cara á vila, atravesando pequenos recunchos de fraga autóctona e de formacións riparias, hortas, viñedos e elementos da paisaxe cultural como núcleos tradicionais, sebes e valados de cachotería seca ou conxuntos patrimoniais tales como igrexas e carballeiras, pero tamén plantacións forestais monoespecíficas e elementos que xeran impactos paisaxísticos e que se identificaron como problemáticas a ter en conta de cara ás propostas. Dado que o grupo tivera que ler previamente a *Guía de boas prácticas para as actuacións nos Camiños* (Xunta de Galicia, 2016), tamén se foron comprobando sobre o terreo as súas propostas indicativas.



Figuras 21 e 22. Diferenzas no carácter da paisaxe en distintos tramos do Camiño Inglés.



Logo da parada para xantar na praza da Antiga Eira Vella, cruzamos a Ponte Vella para proseguirmos o camiño atravesando a vila, gañando cota axiña. A medida que nos iamos afastando do núcleo, volveron emerxer os debates sobre os límites da paisaxe que podemos cualificar como urbana ou urbanizada. Nesa contorna, falamos dos usos que se localizan nas áreas periurbanas, así como, tamén, das distintas modalidades de crecementos urbanísticos máis ou menos continuístas das tramas rurais preexistentes.

Un momento singular foi o esquecido Castro de Xanrozo, tanto polo debate ao redor da súa conservación e xestión como, tamén, por mor da pequena carballeira presente na aba solleira. Nese recuncho xerouse un silencio espontáneo e cuestionámonos a nosa conexión persoal —e grupal— co lugar, no que recoñecemos uns valores singulares. Desde aló, volvemos ao Camiño Inglés e percorrémolo até as inmediacións de Limiñón. A medida que avanzabamos, os argumentos paisaxísticos foron cambiando, sinal que nos internabamos nunha realidade distinta, até certo punto marcada polo paso da bacía do Mandeo á do Mero. O horizonte visual de Meirama provocounos aludir ao documental *A ceo aberto* (Xosé Antón Bocixa, 2007) e á transformación acelerada do rural galego pola súa inserción nunha economía extractivista (mineira, monocultivo forestal, etc.), as consecuencias paisaxísticas e ambientais da cal valoramos.



Figura 23. Traballo de campo baixo carballos nas inmediacións do Castro de Xanrozo.

6. PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS

O obradoiro deseñouse para traballar a paisaxe de Betanzos e contorna cunha perspectiva que primase o seu carácter, concepto central do seminario, xa desde a saída do primeiro día. A intención fundamental era dar xerado, a partir da labor desenvolvida nas sesións de campo, unha distribución en unidades de paisaxe, a partir das cales ían distribuírse uns grupos de traballo. A caracterización analítica tiña que ser unha consecuencia do debate sobre o terreo, axudado da cartografía específica preparada a tal efecto (ortofotomapas —actual e histórico—, mapa topográfico, mapas de ordenación territorial, etc.), mais logo o diagnóstico e as propostas para cada unidade debían xurdir do traballo por grupos. Finalmente, o diagnóstico e as propostas tiveron que agardar ao último día, pois os tres días anteriores se dedicaron á fase máis analítica.

Ao longo das distintas xornadas, fóronse formulando de entrada unha serie de binarios opostos: urbano *versus* rural, forestal *versus* agrario, natural *versus* antropizado, etc. A estes binarios, atribuíanselle sobre o terreo elementos particulares que se tentaban asociar a unha lóxica paisaxística, o que dabamos en denominar un *patrón*. Procurábanse tamén fixar unha serie de liñas de delimitación, mais axiña xurdían franxas, híbridos, marxes ou ecotonos de difícil adscrición. Por exemplo, falouse arreo do *periurbano* como suxeito paisaxístico; ou de como cualificar o recheo do Mendo, realizado nun antigo humidal directamente vencellado á ría e á súa dinámica mareal, e na actualidade convertido nun espazo urbano-industrial.

Finalmente, mantivéronse varias propostas que chegaron até case o último día de traballo. Entre elas pódense destacar as seguintes:

- A distinción entre paisaxes de dominancia natural e aquelas que se consideran transformadas, con graos distintos de antropización.
- A diferenciación das paisaxes en función das bacías visuais, de xeito que se distinguirían aqueles ámbitos máis abertos, con panorámicas de grande angular, dos máis cinguidos e recollidos.
- A diferenciación das paisaxes en función das bacías fluviais: o Mandeo *versus* o Mero.
- A identidade da paisaxe baseada nos usos do solo, en particular entre a paisaxe máis urbanizada e a menos.
- O trazado das grandes formas do relevo como fundamento da clasificación da paisaxe: fondos de val, encostas (abas) e planaltos.

Todas estas posibilidades foron exploradas con detemento no obradoiro. Atribuímos, amais, distintas denominacións ás unidades que ían xurdindo, conscientes de que o topónimo (corónimo) que asociamos a cada unidade xera, tamén, carácter. Finalmente, o traballo realizado levou á consecución de tres unidades que se denominaron do seguinte xeito:

1. Agra do río Mero.
2. Veigas de Betanzos.
3. Marisma, esteiro e ladeiras.

Partindo da detección dunha determinada identidade ou carácter para cada unidade —é dicir, aquilo que singulariza unha paisaxe respecto a outra—, fíxose un diagnóstico de avaliación que conduciu a unhas propostas formalizadas para cada unidade. Os resultados neste sentido son plurais, pois os grupos eran, en si mesmos, moi plurais. Neste senso, deseñáronse grupos necesariamente pluridisciplinares. Deseguido, expóñense os resultados e propostas do traballo obtidos para cada unha das unidades de paisaxe nas que se deu en organizar o ámbito de estudo. Foi relevante a visita específica que desenvolveu cada grupo autonomamente á súa unidade.



Figura 24. Obradoiros de traballo.

6.1 Unidade de paisaxe: Agra do río Mero

Integrantes do grupo

- Xosé Manuel Ferro Prieto
- Adrián Gómez Mato
- María del Camino Nicolás Velado
- Santiago Martín Regueira Rosca
- Alejandro Seoane Rouco

Propostas

A unidade de paisaxe Agra do río Mero recolle a parte máis ao sur do ámbito de estudo. Xerouse un amplo debate para establecer o límite entre esta unidade e a correspondente ás Veigas de Betanzos, con propostas de situar o punto de intercambio nas bacías hidrográficas (Mero *versus* Mandeo), pero tamén outras que defendían empregar a A6 como fronteira coa área urbana ou periurbana de Betanzos. Finalmente, a visita *ad hoc* á unidade centrouse no ámbito máis profundo do val do río Mero, polo que os seguintes argumentos se afastan das zonas máis urbanizadas.

As propostas para esta unidade de paisaxe estrutúrase en catro liñas:

1. A posta en valor do castro de Xanrozo e da súa contorna inmediata.
2. A optimización do trazado do Camiño Inglés.
3. O sistema agroforestal como valor de futuro.
4. O reforzo do sector servizos no Camiño Inglés.



Figuras 25 e 26. Panorámicas da unidade de paisaxe Agra do río Mero. Fotografías tomadas polo equipo de traballo.

Dentro destes catro eixos, o castro de Xanrozo considérase un elemento fundamental a ter en conta como punto de interese etnográfico vencellado ao percorrido polo Camiño Inglés. Para a súa posta en valor menciónase a necesidade de chegar a acordos cos/coas propietarios/as para a xestión destes terreos, realizando labores de limpeza e dispoñendo elementos sinxelos de sinalética e unha adecuación do percorrido que permita o acceso, así como a súa interpretación por parte dos/as visitantes. Tamén se recolle a necesidade de contextualizalo en relación co Camiño Inglés e con outros xacementos arqueolóxicos próximos, para visibilizar a importancia da identidade castrexa nesta contorna.

O sistema agroforestal na zona limítrofe entre os concellos de Betanzos e Abegondo considérase un valor de moito interese de cara ao futuro, en termos dunha paisaxe agraria con explotacións que aínda funcionan e albergan un gran potencial. Neste senso, sinálase a necesidade de diversificar os cultivos. Para iso propónse realizar unha labor divulgativa que dea paso tanto á recuperación de cultivos históricos na contorna como pode ser o lúpulo, como a potenciación doutros tales como o chícharo ou as árbores froiteiras.



Figura 27. Prácticas agrícolas na unidade de paisaxe denominada Agra do río Mero. Fotografía tomada polo equipo de traballo.

Por outra banda, detéctanse unha serie de problemáticas no trazado do Camiño Inglés ás que resulta preciso dar solución. Trátase de cuestións de tipo estético, por exemplo, as construcións que non favorecen moitas das panorámicas percibidas polos/as peregrinos/as ou a profusión de sinais publicitarios. Tamén emerxen aspectos a mellorar en termos de seguridade, nomeadamente nos cruces e naqueles tramos que circulan en paralelo a estradas con tráfico elevado. Proponse estudar a posibilidade de buscar trazados alternativos máis cómodos e agradábeis para os/as camiñantes, evitando tanto os treitos como os puntos perigosos.

Así mesmo, identifícanse certas debilidades no sector servizos vencellado ao Camiño Inglés. Neste senso, ponse a énfase na necesidade de realizar pequenas achegas que o enriquezan e melloren a súa visibilidade, facendo fincapé en acadar un equilibrio que evite a masificación de certas zonas mediante a introdución dunha oferta de servizos naquelas onde agora mesmo non existen.

Figura 28. Unidade de paisaxe obxecto de estudo. Fotografía tomada polo equipo de traballo.

Figura 29. En páxina seguinte, debuxo cartográfico da proposta de delimitación de unidades de paisaxe. Santiago Regueira.





6.2 Unidade de paisaxe: Veigas de Betanzos

Integrantes do grupo

- Constanza Fernández-Couto Tella
- Isabel López Boo
- Carlos López González
- Bruno Prada Fernández
- María Jesús Silva López

Propostas

A unidade de paisaxe Veigas de Betanzos está protagonizada pola vila homónima, mais concédelle unha relevancia ao seu emprazamento á beira dun río, e da súa ría, de aí a denominación de *veiga*. Traballouse especialmente o val do río Mendo, no tramo entre o Pasatempo e a cidade, que estaba inicialmente configurado por zonas inundábeis e que agora se atopa ocupado por solo principalmente industrial. No momento en que se fai o recheo para acomodar os terreos a este tipo de uso, detéctase o comezo do fenómeno das inundacións, feito que se identifica como unha problemática prioritaria sobre a que debe incidir a proposta.



Figura 30. Impacto ambiental de especies exóticas invasoras no río Mandeo ao seu paso por Betanzos. Fotografías tomadas polo equipo de traballo.




Figura 31. Comparación do voo americano de 1956 co ortofotomapa actual (PNOA 2017).

Deste xeito, a nivel hidrolóxico propónse a recuperación dos leitos das escorrentías que proveñen da zona das Angustias e o Monte do Castro, mediante unha restauración natural do ecosistema de canaveira que reforce esta ribeira característica e identitaria. Procúrase, así, a permeabilización da zona do polígono industrial, compatibilizando o uso produtivo coa prestación de servizos ecosistémicos vencellados á recuperación da conectividade ecolóxica e á mellora ambiental do ecosistema, dotando de multifuncionalidade todo o espazo.

Por outra banda, detéctase unha mala conexión entre O Pasatempo e o núcleo de Betanzos, feito identificado como unha debilidade que se reflicte en que moitos dos/as visitantes que se achegan a coñecer o parque non pasen pola vila (e viceversa). Ademais, desde a Veiga do Mendo cara á cidade obsérvanse elementos do patrimonio industrial como os tellados aserrados típicos das naves ou os silos, o que semella unha oportunidade para un posíbel aproveitamento cultural deste espazo.

Por estes motivos, a proposta contempla a creación dun percorrido público vencellado á paisaxe da canaveira e á recuperación do patrimonio industrial existente, garantindo a función de conectar a zona do Pasatempo e o núcleo de Betanzos a través do polígono industrial. Os elementos patrimoniais, así como o interese ambiental e paisaxístico, dotan de calidade a este percorrido público da ribeira do río, que está á súa vez moi relacionado coa recuperación dos camiños da auga, sinalados como un aspecto da identidade de Betanzos a potenciar. En efecto, a carpintería de ribeira vencellada aos caneiros como festa pagá e as tradicionais barcazas características para merendoiros constitúen elementos chave na recuperación integral da mariña e a canaveira de Betanzos, aspectos esenciais da identidade betanceira que é agraria e mariñeira, argumento que debe ser recuperado de cara ao futuro en termos de paisaxe.

Figura 32. Camiños da auga.



6.3 Unidade de paisaxe: Marisma, esteiro e ladeiras

Integrantes do grupo

- Álvaro Alfaro Fernández
- Ana Isabel García Boutureira
- Irene González Veiga
- Julián Grijalba Obando
- Julia Salgueiro Fernández

Propostas

A unidade de paisaxe «Marisma, esteiro e ladeiras» sitúase na parte máis ao norte do ámbito de estudo. Ten un carácter eminentemente rural, con espazos de superficie cultivada que se contrapoñen, por unha banda, á realidade natural da marisma e, por outra, ás zonas canleadas, que responden a espazos de carácter máis urbano.



Figura 33. Unidade de paisaxe «Marisma, esteiro e ladeiras». Fotografía tomada polo equipo de traballo.




Figura 34. Tecido agrario existente soporte da proposta. Fotografías tomadas polo equipo de traballo.

Atopouse na biodiversidade existente unha potencialidade tanto a nivel ecolóxico como estético e paisaxístico, pero tamén unha serie de ameazas que lle restan interese, detectándose, por exemplo, panorámicas de gran beleza —as xunqueiras con tamargueiras— contrapostas a unha realidade moi distinta que se oculta tras da cámara. Tamén nesta unidade se evidenciou a presenza de especies invasoras tales como *Cortaderia selloana*, *Buddleja davidii* e multitude de *Eucaliptus* sp. Moitas destas plantacións forestais monoespecíficas atópanse ademais en zonas de ladeira establecendo barreiras que imposibilitan a relación entre o perceptor da paisaxe e a marisma, feito que se considera un obxectivo fundamental dentro desta unidade, xa que é un elemento clave do carácter da paisaxe a potenciar e visibilizar.

Neste senso, analízase o percorrido de aproximación a este ecosistema, no que se detecta unha ausencia de zonas de sombra, características das contornas de ribeira. Por este motivo, propónse a plantación de arborado caducifolio autóctono para facer máis agradábel o paseo —salgueiros, amieiros, etc.—, ademais de ser soporte para a biodiversidade riparia. Esta intervención tamén permite a xeración de espazos de estancia para as persoas usuarias.

Dentro desta liña de intervención, e para favorecer as relacións visuais entre os/as usuarios/as e a marisma, atópase unha oportunidade no tecido agrario existente. Un tecido que foi obxecto dunha evolución que deixou moitas terras abandonadas, pero que aínda conserva a estrutura de corredeiras e camiños que comunicaban as parcelas. Estes carreiros son facilmente adaptábeis para xerar un percorrido que teña zonas de contacto coa marisma sen invadir o ecosistema intermareal de expansión da auga. Isto debe levarse a cabo sen deixar de ter en conta o cambio climático e os posíbeis escenarios de catástrofes futuras que poidan afectar esta zona, para as que a marisma constitúe un elemento de protección e amortiguación indispensábel.

O itinerario peonil proposto polos camiños existentes presenta aperturas puntuais que favorecen o contacto coa marisma e que permiten visuais nas que a amplitude que caracteriza as marismas de Betanzos faise evidente. Isto considérase unha oportunidade para xerar pequenos miradoiros naturais onde non é preciso construír nin facer intervencións complexas, senón unicamente facilitar a accesibilidade dos/as usuarios/as a estes puntos de observación.



Figuras 35 e 36. Debuxos da proposta. Julián Grijalba.

Dar visibilidade a este tecido agrario e peonil de acceso ás parcelas con carreiros que se integran nos viñedos e outros cultivos pode tamén favorecer a recuperación das terras abandonadas. Dentro desta rede de camiños, préstase especial atención ao patrimonio da auga de Betanzos, para o que se propón un percorrido alternativo que permita visibilizalo, de xeito que o uso desta zona poida impulsar a recuperación e revitalización de toda a riqueza patrimonial existente.

En resumo, a intervención destaca a necesidade de respectar o ecosistema de marisma e favorecer a contemplación da contorna a partir de intervencións modestas. Estas enténdense necesariamente apoiadas nos elementos estruturais xa existentes na paisaxe, visibilizando e pondo en valor o seu carácter.



7. CONCLUSIONES

1. Todas as paisaxes están dotadas de identidade, de xeito que presentan unha singularidade que diferencia unhas das outras. Neste senso, a noción de carácter da paisaxe permite detectar a configuración particular que acada cada paisaxe, tendo en conta a coherencia que atinxen os distintos elementos presentes que, combinados, dan lugar a un patrón paisaxístico recoñecíbel pola xente. Asociando a idea de unidade paisaxística á noción de carácter de paisaxe, damos ido alén do plano analítico e abranguemos dimensións de diagnóstico e propositivas.
2. A delimitación das unidades paisaxísticas constitúe un asunto complexo, no que cómpre ter en conta aspectos como a finalidade á que estas se van destinar ou a escala xeográfica do traballo a realizar. Neste contexto, impónse un método posibilista, que evite entender os límites como algo absoluto e impermeábel. En todo caso, o diálogo —coa poboación de xeito participativo, nos grupos de traballo no marco dos obradoiros, etc.— resulta unha estratexia chave de traballo.
3. Betanzos e a súa contorna son un ámbito de enorme riqueza paisaxística que non está posta en valor na súa profundidade. Non hai que entender esa valorización da paisaxe meramente a efectos turísticos, senón, sobre todo, como unha estratexia territorial ao servizo da calidade de vida e do benestar da poboación, por exemplo, en termos ambientais, mais tamén no senso de procurar a conexión íntima —sensorial, emocional, sentimental, etc.— entre a xente e o lugar no que vive. Deste xeito, daranse acadado efectos positivos como a mellora da autoestima polo propio. Así pois, os valores da paisaxe deben incluír, alén dos previsíbeis (tales como os naturais e os histórico-monumentais), outros intanxíbeis como os festivos, os simbólicos, os identitarios, os artísticos, os literarios, etc.
4. Baixo as coordenadas expostas nas tres conclusións anteriores, obtivemos, logo dun traballo sostido durante varios días, tres unidades da paisaxe. Esta aproximación tripartita non é nin mellor nin peor ca outras formas de ver as paisaxes estudadas que se poderían acadar por outras vías. Unha unidade está protagonizada pola propia vila e inclúe, tamén, a súa contorna inmediata —o val do Mandeo, no que se insire—, sen solución de continuidade; as outras dúas sitúanse ao sur e ao norte da primeira e baséanse, respectivamente, na identidade rural do treito intermedio do val do río Mero e na potencia da marisma da ría de Betanzos, a cal se vai abrindo progresivamente cara ao mar.

5. No que fai á vila e a súa bisbarra próxima no val do Mandeo, concluímos a necesidade de coser o núcleo histórico-monumental —de indubidábel valor debido, entre outros factores, ao seu singular emprazamento nun outeiro castral no que se produce unha continuidade de poboamento ao longo dos séculos— coa contorna inmediata na que se insire, de xeito que se dean suturado as fendas detectadas. Por exemplo, resulta fundamental que se faculte un diálogo paisaxístico do núcleo histórico-monumental coa ría, cos ríos, cos peiraos do porto ou co Parque do Pasatempo.
6. En relación coa marisma, propomos fomentar a súa renaturalización, sobre todo coa vexetación arbórea de ribeira, acompañada da súa apropiación social. Esta apropiación non se pode entender como unha sorte de agresión aos seus notábeis valores naturais, que deben ser coidadosamente preservados, senón como un xeito de procurar complicidades para a conservación desta paisaxe tan singular como descoñecida e inaccesíbel. Neste senso, preténdense potenciar uns miradoiros que non impliquen nova infraestrutura, mais si unha posta en valor desta paisaxe.
7. No val do río Mero, o carácter rural debe ser potenciado a través do reforzamento dunha agricultura e dunha gandería redimensionadas, cuestionando a actual economía produtivista extractivista. Asemade, débense dar conservado os rodais que fican con vexetación autóctona.

Figura 37. Fotografía de grupo ao peche do seminario de paisaxe.



8. A efectos paisaxísticos, a reconexión urbano-rural debe ser unha estratexia relevante de cara ao futuro. Esta pasa, en boa medida, pola potenciación dos circuítos curtos de proximidade tipo km0, o que leve a reforzar a agricultura da contorna para o seu consumo por parte dunha cidadanía progresivamente máis concienciada, isto é, que entenda o valor engadido que representa contribuír ao mantemento dunha paisaxe viva e produtiva. Estes circuítos curtos, con innegábeis efectos na sustentabilidade territorial (por exemplo, na redución da pegada ecolóxica e na continuidade das comunidades produtoras), deben permitir, asemade, o mantemento da agrobiodiversidade tradicional (cebolas, lúpulo, etc.) e dunhas determinadas formas agrarias (as agras, as hortas, etc.). Cómpre, amais, transitar cara a modalidades agropecuarias que non esmaguen o capital ambiental (preferibelmente, agricultura ecolóxica que evite pesticidas, herbicidas, praguicidas, fertilizantes sintéticos, etc.).
9. Na comarca de Betanzos, o viñedo concede desde hai séculos unha identidade moi forte á súa paisaxe. Superada a crise deste sector, que implicara a obsolescencia desa paisaxe, asistimos a unha recuperación parcial da man de determinadas adegas, que mesmo está a comportar reducir levemente a presenza do monocultivo do eucalipto. Débese potenciar a súa especificidade, fundamentada nas variedades tradicionais, e traballar intensamente na súa mellora e promoción. A IXP ten un papel fundamental neste senso.
10. O Camiño Inglés constitúe un activo relevante no territorio de estudo, con innegábeis posibilidades económicas ligadas ao desenvolvemento do sector turístico. Porén, desde a perspectiva paisaxística, non se pode entender como un elemento lineal desconectado, senón que debe dialogar activamente coas paisaxes que atravesa. Así, detectamos no Castro de Xanrozo unha potencialidade marcada de interacción co Camiño Inglés, que dista de acadarse nestes momentos. Por outra banda, resulta imperativo mellorar paisaxisticamente o trazado do Camiño Inglés na comarca betanceira, non só en termos de seguridade, mais tamén a efectos estéticos. Alén disto, a medio prazo, cumprirá asegurar que non se converta nun exemplo máis de *overtourism* banal. Neste senso, o Camiño Inglés ten a oportunidade de reinventar o fenómeno xacobeo partindo case que de cero, sen caer nos erros cometidos noutros camiños. É dicir: trátase de procurar o seu desenvolvemento cualitativo, coherente paisaxisticamente, e non unha mera explosión de cifras de peregrinos/as.

8. ENTREGA DE DIPLOMAS

Unha vez presentadas as conclusións, procedeuse á entrega de diplomas por parte da organización. A tal efecto, contouse coa presenza da alcaldesa de Betanzos, D^a María Barral; o director da Escola Galega da Paisaxe, o Dr. Pedro Calaza Martínez; e o coordinador do seminario, o Dr. Valerià Paül.



Figura 38. Entrega de diplomas aos participantes do seminario.

Betanzos. Santiago de Compostela. San Pedro de Nós. Setembro de 2021¹.

¹ Memoria elaborada polo coordinador do curso, Valerià Paül Carril, da Universidade de Santiago de Compostela, coa colaboración de Nuria Freire González, da Fundación Juana de Vega.

Figuras 1, 2, 3, 4, 5, 12, 14, 16, 17, 18, 19, 25, 26 e 38 por Nuria Freire.
 Figuras 6, 7, 11, 13, 22, 23, 24 e 37 por MARMA ideas [marmaideas.com].
 Figuras 8, 9, 10, 21 e 22 por Julia Salgueiro.
 Figura 15 por Álvaro Alfaro.
 Figura 32 por María Jesús Silva.